



**CONCELLO DE  
SANTA COMBA**  
TERRA DE XALLAS

## **BASES DE PARTICIPACIÓN CONCURSO ESCAPARATES DE NADAL 2020**

Bases que rexerán a participación no Concurso de Escaparates de Nadal 2020, organizado polo Concello de Santa Comba e a Asociación de Empresarios.

1. Participantes: Poderán participar tódolos comercios e establecementos ubicados no Concello de Santa Comba.
2. Inscripción: A participación en dito concurso é totalmente gratuíta, debendo de inscribirse nos seguintes contactos da Asociación de Empresarios de Santa Comba, en horario de 9:30 h. a 13:30 h nos teléfonos 981 818 604 e 633 181 817 ou na súa sede na Rúa Pontevedra nº 9 entrechán; ou en horario de tarde no teléfono 663 728 968 (OMIX SANTA COMBA)
- 3.- O prazo de inscrición comezará o luns 7 de decembro rematando o mércores 23 de decembro ás 13:30 h.
- 4.- Xurado: Estará composto por tres profesionais da decoración designados pola organización:
  - Cristina Durán Arufe, Licenciada en historia do Arte.
  - Caty López Negreira, Arquitecta de Interiores.
  - Javier Campos Vázquez, Estudio Superior de Diseño de Interiores.
- 5.- Os escaparates serán examinados polo xurado entre o luns 28 e o xoves 31 de decembro, e os escaparates deberán de permanecer expostos desde o 24 de decembro ata o 6 xaneiro.
- 6.-Valoración dos escaparates. Para a valoración o xurado profesional terá en conta os seguintes aspectos:
  - Temáticas navideñas: terase en conta a decoración con temática de Nadal.
  - O escaparate deberá ter relación co produto que se vende.
  - Terase en conta o traballo manual de cada un dos establecementos participantes, valorarase positivamente tódolos elementos feitos a man.
  - A orixinalidade e iluminación serán outros dos aspectos a ter en conta así como a innovación e a integración no espazo.



7.- PREMIOS:

1º Premio, 450€ en vales de compra no comercio local.

2º Premio, 300€ en vales de compra no comercio local.

3º Premio, 150€ en vales de compra no comercio local.

Premio especial Redes Sociais, 100€ en vales de compra no comercio local.

\*O resto de participantes recibirá un agasaio conmemorativo por parte da Asociación de Empresarios de Santa Comba.

\* Os tres primeiros premios serán concedidos polo xurado profesional mentras que o cuarto premio concederáse por medio das interaccións das redes sociais do Concello.

\* No referente a este premio a través de Redes Sociais, o cuarto premio do Concurso 2020, colgarase nas redes do Concello (Facebook SantaComba Info+) unha foto de cada un dos escaparates (menos dos tres premiados polo xurado profesional), desde o día 2 de xaneiro de 2021 ata o 7 dese mesmo mes).

O escaparate que máis interaccións obteña nas redes, será o Premio Especial de Redes Sociais.

8.- A entrega de premios realizarase, nunha data fixada no mes de Xaneiro conxuntamente pola Asociación de Empresarios e Concello de Santa Comba, na Casa do Pozo ou no Edificio Multiusos en data por definir, seguindo os protocolos vixentes en materia de prevención COVID.

9.- Os vales de premios deberanse recoller e gastar no Comercio Local antes do 28 de febreiro.

10.- O feito de participar neste concurso supón a aceptación destas bases.

Santa Comba, 1 de Decembro de 2020.

O Alcalde de Santa Comba

David Barbeira García

O Presidente da Asociación de Empresarios

Alberto Romar Landeir